

Expediente: 63/ 2026

PREGO DE CLÁUSULAS TÉCNICAS QUE REXERÁN NO PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DOS POSTOS DURANTE A FESTA DA LANGOSTA E DA COCIÑA MARIÑEIRA.

1ª.- OBXECTO DO CONTRATO:

O obxecto do contrato é a adxudicación dos postos necesarios para a celebración da Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira a celebrar na Guarda o vindeiro mes de xullo. Os postos obxecto da presente licitación son os seguintes:

- 6 postos de promoción e venda preferentemente de mariscos e outros produtos procedentes da pesca e a acuicultura
- 1 posto adicado a cafetería, auga e refrescos
- 1 posto adicado á venda de viño
- 1 posto adicado a repostería.

Os postos terán una lonxitude mínima de catro metros liñais e disporán dun espazo anexo para a elaboración dos produtos ofertados.

2ª.- PREZO: Os prezos anuais, que poderán ser mellorados á alza polos licitadores, serán os seguintes :

- postos de promoción e venda preferentemente de mariscos e outros produtos procedentes da pesca e a acuicultura: 850 €
- posto adicado a cafetería, auga e refrescos: 730 €
- posto adicado á venda de viño: 550 €
- posto adicado a repostería: 550 €

3ª.- OBRIGAS MÍNIMAS.

- Garantir a calidade e procedencia galega demostrable dos produtos que se promoven e venden.
- Cumprimento rigoroso das medidas hixiénico-sanitarias e das normas que as regulan.
- Cumprimento dos horarios que dispoña a organización da Festa da Langosta e da cociña mariñeira.
- Cumprimento das iniciativas sostibles que dispoña a organización como a reciclaxe dos residuos ou o emprego de material sostibles para a entrega dos produtos.
- Respetar os prezos e cantidades que se fixen para cada celebración da Festa da Langosta e da cociña mariñeira.
- Respetar o sistema de liquidación do canon establecido.
- Levar a cabo o pagamento no prazo indicado polo Concello.
- Respetar o sistema de distribución ou reparto de produtos que se oferten na Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira.
- Ao cumprimento rigoroso dos acordos que se tomen para mellorar a organización e o bo funcionamento de cada edición.



No caso do **posto adicado á venda de viño**, queda obrigado a acreditar que se atopa incluído na Denominación de Orixe Rías Baixas.

4º.- PRODUCTOS OFERTADOS:

Os postos de promoción e venda preferentemente de mariscos e outros produtos procedentes da pesca e a acuicultura, deberán suxeitarse ás seguintes **obrigas**:

PRODUCTOS OFERTADOS POR TODOS OS POSTOS:

Os seguintes produtos deberán ser **ofertados obrigatoriamente** por todos os postos de promoción e venda preferentemente de mariscos e outros produtos procedentes da pesca e a acuicultura

- LANGOSTA
- ½ LANGOSTA
- PERCEBE

RESTANTES PRODUCTOS.

Cada un dos seguintes produtos serán **elixidos sucesivamente por cada licitador, seguindo o orde de puntuación obtida**. Os licitadores se ordenarán de maior a menor, en función da puntuación obtida polas condicións ofertadas, elixiran na primeira quenda un produto da seguinte lista, e a continuación irán elixindo cada un, sucesivamente, un produto ata un máximo de 3.

En caso de empate se decidirá por sorteo público.

Cabería que os licitadores, cando teñan a súa quenda de elección, substitúan un produto da lista por outro que non estea dentro desta lista (produtos da edición de 2025) que consideren ofertar e sexa validado polo concello. Así mesmo, poderase ampliar o número de produtos ofertados por cada licitador se o concello o considera oportuno.

- AMEIXAS
- BERBERECHO
- CAMARÓNS
- CHIPIRÓNS
- CHOCOS
- CIGALAS
- CROQUETAS
- EMPANADAS E EMPANADILLA
- ENSALADILLA DE LANGOSTA
- GAMBAS
- LANGOSTINOS
- LURAS
- MEXILLÓNS
- NAVALLAS



- PAELLA MARIÑEIRA
- PEMENTOS DE PADRÓN E PEMENTOS DE PIQUILLO RECHEOS
- POLBO Á FEIRA
- VIEIRA
- ZAMBURIÑAS

Os postos adxudicados indicarán a elaboración do prato (por exemplo, chipiróns á prancha).

Os demais postos adxudicados deberán suxeitarse á mesma obriga de presentar o listado de produtos , tendo en conta:

No caso do posto adicado á repostería ofrecerá obrigatoriamente a rosca de xema.

No caso do posto adicado á venda de viño, queda obrigado a ofrecer o viño da súa adega, incluída na Denominación de Orixe Rías Baixas.

No caso de posto adicado a cafetería, auga e refrescos deberá presentar o listado completo de produtos.

O establecemento ou modificación dos prezos de promoción dos produtos durante a Festa a cobrar ós usuarios serán establecidos pola Xunta de Goberno do Concello, sendo en todo caso uns prezos adecuados ós prezos de mercado.

Unha vez adxudicados os postos se procederá por acordo do órgano competente á fixación da orde dos postos no interior de carpa e a cor identificadora dos mesmos .

5º.- OUTROS DEREITOS E OBRIGAS

O adxudicatario queda obrigado a executar os traballos indicados con estrita suxeición ás estipulacións contidas neste prego, así como ás normas contidas no Regulamento municipal sobre a materia, e ao estrito cumprimento de cantas disposicións de carácter laboral e fiscal sexan de aplicación ao contrato, sendo da súa conta e risco todo o referente a accidentes de traballo e enfermidades profesionais, normas de seguridade e hixiene e de protección á industria.

Vén igualmente obrigado a gardar sxiilo respecto aos datos e antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e foran do seu coñecemento con ocasión do mesmo.

O persoal adscrito aos traballos dependerá exclusivamente do contratista, quen terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empresario respecto do mesmo.

En xeral, o contratista responderá de cantas obrigas lle veñen impostas no seu carácter de empregador, así como do cumprimento de cantas normas regulan e desenvolven a



relación laboral ou doutro tipo, existente entre el e os seus traballadores, sen que poida repercutir contra a Administración ningunha multa, sanción ou calquera tipo de responsabilidade que, por incumprimento dalgunha delas, puideran imporlle os organismos competentes.

O contratista deberá ter subscritos os seguros obrigatorios, así como un seguro que cubra as responsabilidades que se deriven da execución do contrato.

En calquera caso, o contratista indemnizará á Administración de toda cantidade que se vise obrigada a pagar por incumprimento das obrigas establecidas neste prego, aínda que lle veña imposto por resolución xudicial ou administrativa.

Corresponderá e será a cargo do contratista, no seu caso:

-A obtención das autorizacións e licenzas, documentos ou calquera información tanto oficial coma particular, que se requira para a realización do servizo contratado.

-Os gastos de comprobación de materiais, vixilancia do proceso de execución e posterior asistencia durante o prazo de garantía.

-As probas, ensaios ou informes precisos para a correcta execución do servizo contratado.

-A indemnización dos danos que se causen tanto á Administración como a terceiros, como consecuencia das operacións que requira a execución do servizo, agás cando eses danos teñan sido ocasionados como consecuencia dunha orde inmediata e directa da Administración.

Son tamén dereitos e obrigas da Administración contratante as previstas na normativa vixente, lexislación de Contratos do Sector Público, Regulamento Xeral de Contratación, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e, especialmente, a interpretación do contrato e a resolución das dúbidas que xurdan en relación co cumprimento do presente prego e correspondente contrato.

Calquera utilización da denominación “Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira”, do uso da imaxe da festa ou calquera referencia á mesma requirirá a autorización previa da Concellería de Turismo do Concello da Guarda.

6ª.- NORMAS COMPLEMENTARIAS:

- O adxudicatario colaborará nos actos de promoción como a presentación coa achega dos pratos e produtos ofertados na festa ou participando nas reportaxes de promoción. Así mesmo, ofrecerá unha achega dos pratos e produtos ofertados para a inauguración da festa.
- O adxudicatario está obrigado a conservar en perfectas condicións os locais, instalación, mobles, útiles e aparatos propiedade do Concello que se poñan a súa disposición, sendo da súa conta as reparacións que tiveran que efectuarse e tendo que aboar os danos que se observen ao termo do contrato e excedan do normal deterioro derivado do uso debido.



- O Concello poderá revisar as instalación para comprobar as actuacións de mantemento. A falta de conservación adecuada será causa de resolución do contrato.
- Calquera utilización da denominación “Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira”, do uso da imaxe da festa ou calquera referencia á mesma sen a autorización previa da Concellería de Turismo do Concello da Guarda, será causa de resolución do contrato.
- O adxudicatario está obrigado a cumprir co establecido no Estatuto do Traballadores e nas Leis vixentes da Seguridade Social e demais disposicións legais relativas a prestación da súa actividade.
- A cantidade que lle corresponde ao Concello será destinada a sufragar os diversos gastos de organización da Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira.

7ª.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS:

Os datos persoais que se obteñan e se traten para o desenvolvemento do servizo, serán tratados segundo a normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

De acordo co establecido na normativa vixente ne materia de protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os datos persoais que se faciliten para a participación no presente procedemento de contratación se incorporarán a un ou varios ficheiros, cuxo responsable é o CONCELLO DA GUARDA con dirección PRAZA DO RELÓ, 1. 36780 A GUARDA (Pontevedra), onde poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso o de dirixindo á Secretaría solicitude asinada por escrito xunto cunha fotocopia do seu DNI.

Mediante a participación no presente procedemento, os titulares dos datos persoais consisten expresamente o tratamento dos mesmos coa finalidade de levar a cabo a tramitación deste procedemento de contratación. Así mesmo, os licitantes autorizan a comunicación dos seus datos persoais a Entidades Financeiras, Facenda Pública e Diarios Oficiais, e outras administracións públicas para o exercicio das súas respectivas competencias.

No caso de que os licitantes, facilitasen datos de carácter persoal de terceiros, previamente a súa inclusión deberán informar aos titulares dos mesmos dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores, absténdose de incluílos no caso de non obter o seu consentimento.

8º.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1.- Constitúen faltas administrativas leves:

- a) O descoido ou mera negligencia no cumprimento das obrigacións contractuais que non comporten prexuízos apreciables na prestación dos servizos.



b) A incorrección dos profesionais da empresa adxudicataria dos servizos co persoal do Concello relacionado coa prestación do servizo.

2.- Cualificaranse coma graves os seguintes incumprimentos:

- a) A desconsideración grave cos usuarios ou persoal do Concello.
- b) Falta de rendemento que afecte ó normal funcionamento dos servizos de forma especial as actitudes de negligencia na prestación do servizo.
- c) A reincidencia na comisión de faltas leves.

3.- Constitúen faltas moi graves:

- a) Ceder ou traspasa-los servizos obxecto da contratación baixo calquera modalidade ou título, salvo que medie autorización municipal.
- b) Incumprimentos á normativa sanitaria con transcendencia directa para a saúde pública.
- c) A interrupción ou suspensión no exercicio das actividades, salvo que concorran circunstancias de forza maior comunicadas coa debida antelación.
- d) Coaccións ou ofensas dirixidas ós usuarios dos servizos polo persoal encargado dos servizos.
- e) A vulneración da normativa en materia laboral e de seguridade social de obrigado cumprimento sempre que revista carácter esencial.
- f) A manifesta incapacidade ou negligencia técnica do persoal que preste o servizo.

4.- Sancións

As sancións cometidas polo adxudicatario se sancionarán atendendo ós límites establecidos no art. 144 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

En todo caso, a imposición de sancións será compatible coa indemnización de danos e prexuízos ao Concello ou a terceiros.

O importe derivado das presentes sancións terá natureza de débeda de dereito público e poderá ser esixido o seu pago polo procedemento de premura previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

O ALCALDE

Roberto José Álvarez Carrero

Documento asinado dixitalmente á marxe

